



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte.863/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27 DE AGOSTO DE 2020.

- 1.- Aprobación actas: Acta da sesión ordinaria do 06/08 e extraordinarias e urxentes de datas 10/08, 18/08 e 21/08 de 2020.

ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

- 2.- Expediente de contratación do mantemento dos sistemas de selado de tempo (TSU) e de claves centralizadas (CKC) en HSM. Expte. 9149/113.

BENESTAR SOCIAL

- 3.- Proposta de concesión de subvención directa para o desenvolvemento en 2020 do proxecto: "Vigo por el Congo (Orfanato Kimbondo)". Expte. 197759/301.

CONTRATACIÓN

- 4.- Recoñecemento do abono a conta da indemnización polos danos e perdas causados pola suspensión da execución do contrato de xestión e dinamización da Casa das Mulleres . Expte. 6453/241.
- 5.- Recoñecemento do abono a conta da indemnización polos danos e perdas causados pola suspensión da execución do contrato de xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas. Expte. 6454/241.
- 6.- Proposta de adxudicación do contrato de servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de remodelación do enlace do P.K. 5+000 da autopista AP-9V. Expte. 476/441.

DIRECCIÓN DE INGRESOS

- 7.- Dar conta da resolución da Concellería de Orzamentos e Facenda da aprobación do Padrón fiscal de Exaccións unificadas de industriais, (lixo comercial e vados).do Exercicio 2020. Expte. 52665/516.
- 8.- Modificación da ordenanza fiscal xeral. Expte. 2698/500.
- 9.- Modificación ordenanza reguladora de prestacións patrimoniais de carácter publico non tributario polos servizos de subministración de auga potable,

alcantarillado-rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais. Expte. 2689/500.

- 10.- Modificación ordenanza reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local e derogación da ordenanza 32 reguladora das taxas por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública. Expte. 2697/500.
- 11.- Modificación ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras. Expte. 2710/500.
- 12.- Modificación ordenanza fiscal reguladora da taxa pola concesión de licenzas de construcións, obras e instalacións. Expte. 2712/500.
- 13.- Modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas por licenzas de actividades e instalacións. Expte. 2713/500.

EMPREGO

- 14.- Convocatoria e Bases reguladoras de subvencións para o fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego” correspondentes ao ano 2020. Expte. 17466/77.
- 15.- Convocatoria e Bases Reguladoras das Axudas Municipais á creación de empresas 2020, no ámbito dos programas de fomento do emprego. Expte. 17467/77.

FESTAS

- 16.- Proxecto de convenio, coa Asociación cultural Interfolc, para a organización do XXVI Festival folclórico internacional. Expte. 8476/335.

FOMENTO

- 17.- Convenio de colaboración con Augas de Galicia para a execución da actuación “Mellora do sistema de saneamento de Teis. primeira fase. termo municipal de Vigo, no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020. Expte. 593/441.
- 18.- Proxecto de “Humanización da rúa Taboada Leal-tramo 1, entre rúa Don Bosco e rúa Venezuela”. Expte. 4683/443.

MEDIO AMBIENTE



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte.863/1102

- 19.- Proxecto de actividades de sensibilización medioambiental: “Percorridos Medioambientais de outono a carón dos sendeiros locais polos montes de Vigo, dentro do programa “Camiño a Camiño 2020”. Expte. 14911/306.

RECURSOS HUMANOS

- 20.- Proposta de nomeamento de catro funcionarios de carreira como policía locais, OEPS 2010-2011 e 2014-2015-2016. Expte: 36142/220.
- 21.- Proposta de nomeamento interino dun subalterno para o servizo de Conserxería. Expte: 36256/220.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na Sala do Pleno de xeito presencial e por videoconferencia o día **27 de agosto de 2020, ás 13,45 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

SGF/rs.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez